

ACTA DAS PROBAS SELECCIÓN PARA ELABORACIÓN DE LISTAXES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA OFICINA DE TURISMO DE RIANXO

Ás 10:45 horas do día 9 de xuño de 2017 reúnense no Auditorio municipal de Rianxo os membros designados na Resolución da Alcaldía núm. 509/2017. de data 07/06/2017 para formar parte do Tribunal cualificador do proceso de selección para a elaboración de listaxes de contratación temporal de persoal para a oficina de turismo de Rianxo que a seguir se relacionan:

Presidenta: Natalia Galbán Rubio, técnica de medio ambiente e turismo municipal (II)

Vocal: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades municipal (II)

Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

O proceso de selección realízase en base aos programas da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña, polo que se efectúa unha dobre listaxe, conforme ao establecido nas bases do procedemento aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 400/2017, do 10/05/2017 e terá unha duración máxima de dous anos, prorrogable por dous anos máis ata o máximo de catro anos (sen prexuízo de que se poida precisas unha selección específica de xeito excepcional).

O proceso lévase a cabo conxuntamente para ámbolos dous programas, sendo iguais as probas para as persoas aspirantes presentadas a ámbolos dous programas.

Realizado o chamamento das persoas aspirantes admitidas segundo as listaxes definitivas aprobadas na Resolución da Alcaldía núm. 509/2017, do 07/06/2017, preséntanse as seguintes persoas:

APELIDOS E NOME	DNI
González Sóñora, Francisco	53480563C
Lamas Iglesias, Jesús	33297917N
Lampón Lampón, Ramona	52935245D
Suárez Artime, Belén	52939825N
Mariño Calvo, María Vanesa	53483358D

Quedan excluídas do proceso as persoas non presentadas.

O sistema de selección consta de dúas fases:

PRIMEIRA:

OPOSICIÓN.- Consiste nun exame de carácter eliminatorio, no que deben responder a 30 preguntas tipo test establecidas en base ao temario publicado nas bases de selección e que consta de 40 epígrafes, relacionados do 1 ao 33, así como 7 temas de carácter específico. As preguntas versarán sobre coñecementos relativos ao posto de traballo e ás accións, actuacións e actividades deste.

A puntuación máxima establecida para esta fase son 10 puntos. Para a superar a oposición é preciso obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista.

Concédesse para a realización do exercicio un tempo de 45 minutos.

O resultado desta proba é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTOS
González Sóñora, Francisco	53480563C	9,24
Lamas Iglesias, Jesús	33297917N	6,62
Lampón Lampón, Ramona	52935245D	6,62
Suárez Artime, Belén	52939825N	7,45
Mariño Calvo, María Vanesa	53483358D	6,77

SEGUNDA:

CONCURSO.- Valóranse os seguintes apartados:

a) a experiencia (puntuación máxima 1,70 puntos). Deberá acreditarse dentro da categoría, por medio de informe de vida laboral da Tesourería xeral da Seguridade social e fotocopia de contratos de traballo ou certificado da Administración pública, no seu caso. As puntuacións aplícanse en base ao establecido nas bases.

b) Formación (puntuación máxima 4,30 puntos. Acreditase mediante fotocopia de títulos, diplomas ou certificados dos organismos ou centros, conforme ao disposto nas bases para os apartados de titulación universitaria: máximo 1 punto; formación complementaria: máximo 2 punto; coñecemento do galego: máximo 0,30 puntos; coñecemento de idiomas: máximo 2 puntos.

A puntuación máxima neste apartado non pode superar o 40% da total e só se avalían os participantes que superan a fase de oposición, en base aos méritos adquiridos ata o día da publicación do anuncio da convocatoria, inclusive. Non ten carácter eliminatorio.

Resultado das valoracións do concurso:

APELIDOS E NOME	AP. A) Titulación	AP. B) Formación complement.	AP. C) Coñecemento galego	AP. D) Coñecemento idiomas	AP. E) Experiencia	TOTAL
González Sóñora, Francisco	1	0,15	-	2,00	1,70	4,85
Lamas Iglesias, Jesús	-	1	-	0,75	1,70	3,45
Lampón Lampón, Ramona	1	1	-	2,00	1,70	5,70
Suárez Artime, Belén	-	0,65	-	-	1,10	1,75
Mariño Calvo, María Vanesa	-	0,30	-	1,50	-	1,80

Unha vez rematadas todas as probas e valoracións, as persoas aspirantes obteñen as puntuacións finais que se indican de seguido:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN	ORDE DE PRELACIÓN
González Sóñora, Francisco	53480563C	14,09	1º
Lampón Lampón, Ramona	52935245D	12,32	2º
Lamas Iglesias, Jesús	33297917N	10,07	3º
Suárez Artime, Belén	52939825N	9,20	4º
Mariño Calvo, María Vanesa	53483358D	8,57	5º

Así, tendo en conta que se trata da creación dunha listaxe de contratación de persoal para dous organismos distintos e que esixían diferentes titulacións, establécese a orde de prelación para cada un deles nas seguintes táboas:

Programa da Axencia de Turismo de Galicia:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN	ORDE DE PRELACIÓN
González Sóñora, Francisco	53480563C	14,09	1º
Lampón Lampón, Ramona	52935245D	12,32	2º
Lamas Iglesias, Jesús	33297917N	10,07	3º
Suárez Artime, Belén	52939825N	9,20	4º

Programa da Deputación Provincial da Coruña:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN	ORDE DE PRELACIÓN
González Sóñora, Francisco	53480563C	14,09	1º
Lampón Lampón, Ramona	52935245D	12,32	2º
Lamas Iglesias, Jesús	33297917N	10,07	3º
Suárez Artime, Belén	52939825N	9,20	4º
Mariño Calvo, María Vanesa	53483358D	8,57	5º

De conformidade co determinado nas bases do procedemento selectivo, o tribunal declara que superaron o proceso todas as persoas aspirantes presentadas, anteriormente relacionados segundo a puntuación e pola orde de prelación expresada.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12,34 horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.